



AGORA E SEMPRE

2026/2027



//ABANCA





TODO O QUE NECESITAS SABER



Índice

Condições e vantaxes do abono	3
Cesión e transferibilidade do abono	4
Como acceder ao estadio	5
Prezos do abono	6-7
Mapa do estadio	7
Categorías e formas de pago	8
Europa League	9
Calendario da campaña	11
Bancada de Gol	13
Dúvidas frecuentes	14
Carné Celtista	21














CONDICIÓNS SOBRE O ABONO

Que inclúe o teu carné?



Co teu abono da tempada 2026/2027, ademais de ter dereito a asistir aos partidos de LaLiga e da Copa del Rey do primeiro equipo en Abanca Balaídos, tamén gozarás destas vantaxes:

-  Butaca asignada para os partidos do primeiro equipo en Abanca Balaídos*
-  Número de socio e antigüidade
-  Desconto do 10% en tendas oficiais do Celta**
-  Desconto en Museo, Experiencias e Tour Abanca Balaídos
-  Descontos en Escolas Celta 360, Campus e Clínicas
-  Acceso ao proceso de compra de entradas para partidos de visitante***
-  Prioridade e/ou desconto na compra de entradas***
-  Acceso aos partidos do Celta Fortuna****
-  Acceso aos partidos de As Celtas****
-  Acceso aos partidos do Celta Femxa Zorka****
-  Vantaxes de patrocinadores e/ou colaboradores do club

*Acceso aos partidos de competición europea suxeito ao pago do suplemento.

**Agás para produtos en promoción e non acumulable con outros descontos.

***LaLiga, Copa del Rey e Europa League. Unha soa entrada por cada carné celtista.

****Ata completar capacidade destinada a Carné Celtista. O club poderá activar un método de canxexo de entradas por necesidades operativas.



Se non podes asistir, que outro celtista ocupe o teu lugar



Nesta tempada, se non podes asistir a algún partido en Abanca Balaídos, tes estas opcións:

- 1. Cedelo ao club para que outra persoa o utilice.** No caso de que a túa entrada se venda, recibirás unha bonificación do 40% sobre o prezo da entrada vendida, que se descontará do importe do teu abono da próxima tempada, ata un máximo do 50% do prezo do teu abono. Para máis información, consulta o apartado de cesión en “Dúbdidas Frecuentes”.
- 2. Convérteo en transferible durante toda a tempada.** Se queres que outra persoa poida utilizar o teu abono de forma habitual, podes cambialo a categoría adulto pagando a diferenza correspondente. Para solicitalo, envía un correo a abonados@celta.gal entre o 11 e o 14 de xuño, antes de realizar a renovación.
- 3. Transferencia puntual para un partido.** Tamén poderás facer o teu abono transferible de forma puntual para un único encontro. Poderás activalo a través do Portal do Celtista, ata 24 horas antes do inicio do partido, aboando un suplemento que variará en función da túa categoría e da localización do teu asento, así como da categoría do partido.

Importante: as opcións 2 e 3 non estarán dispoñibles para os carnés da zona de Marcador Baixo.

Como podo acceder ao estadio?

Co carné físico ou co carné dixital



Esta tempada poderás acceder ao estadio de dúas formas, elixindo a opción que mellor se adapte a ti.

Por unha banda, contarás co carné físico, que recibirás na túa casa e que incorpora un chip de proximidade para facilitar o acceso polos tornos.

Por outra, dispoñerás do carné dixital, en formato QR ou NFC (accesible desde a nosa APP ou a través do Portal do Celtista na web oficial).

Lembrámosche tamén dúas cuestións importantes:

1. Se fose necesario, **actualiza o teu enderezo postal** no apartado de datos persoais do Portal do Celtista para garantir a correcta recepción do teu carné na casa.
2. Así mesmo, lembra **actualizar o teu carné dixital**: elimina a versión anterior do teu wallet e descárgaa de novo a partir do 5 de agosto.



PREZOS DO ABONO

Para esta nova tempada 26/27, os prezos dos carnés actualizaranse ao redor dun 3%, mantendo a reestruturación das últimas tempadas.

Así mesmo, mantéñense os descontos homoxeneizados por categoría e bancada.

No caso dos abonados da bancada de Gol, que foron trasladados de forma temporal, estes renovarán co novo prezo correspondente á bancada de Gol Baixo (para máis información, consulta a páxina 13 sobre a reubicación de Gol)





PREZOS DO ABONO

RÍO / Avda. de Citroën



TRIBUNA / Avda. de Frago

TEMPADA 2026/2027	ADULTO (TRANSFERIBLE)	MAIORES 65 (35% DTO.)*	SUB 30 (40% DTO.)*	SUB 25 (55% DTO.)*	SUB 15 (70% DTO.)*	INFANTIL
TRIBUNA ALTA CENTRAL	773 €	502 €	464 €	348 €	232 €	54 €
TRIBUNA ALTA ÁREA	735 €	478 €	441 €	331 €	220 €	54 €
TRIBUNA BAIXA CENTRAL	584 €	380 €	350 €	263 €	175 €	54 €
TRIBUNA BAIXA ÁREA	562 €	366 €	338 €	253 €	169 €	54 €
RÍO BAIXO CENTRAL	562 €	366 €	338 €	253 €	169 €	54 €
RÍO BAIXO ÁREA	543 €	353 €	325 €	244 €	164 €	54 €
RÍO ALTO CENTRAL	504 €	328 €	303 €	227 €	151 €	54 €
RÍO ALTO ÁREA	488 €	317 €	293 €	219 €	146 €	54 €
MARCADOR ALTO	366 €	238 €	219 €	165 €	110 €	54 €
MARCADOR BAIXO		266 €			148 €	
GOL BAIXO	355 €	231 €	213 €	160 €	107 €	54 €

* O desconto de cada categoría é sobre o prezo do adulto, xa aplicado nos prezos.
** Ata a apertura da nova bancada de Gol a afección visitante situarase en Río Alto.

A renovación/alta do abono supón a aceptación da normativa do Celta na tempada futbolística que comprende do 1 de xullo ao 30 de xuño do ano seguinte.



A QUE CATEGORÍA PERTENZO?

- **Maior de 65:** Persoas nadas antes do 31/07/1961
- **Adulto:** Nados entre o 01/08/1961 e o 31/07/1995
- **Sub 30:** Nados entre o 01/08/1995 e o 31/07/2000
- **Sub 25:** Nados entre o 01/08/2000 e o 31/07/2010
- **Sub 15*:** Nados entre o 01/08/2010 e o 31/07/2018
- **Infantil*:** Nados entre o 01/08/2018 e o 31/07/2021
- **Miudiños*:** Nados a partir do 01/08/2021

*Non poderá haber menores de 14 anos abonados sen un adulto asociado.
Os menores de 16 anos deberán ir acompañados dun adulto ou cunha autorización.

FORMAS DE PAGO

Disporás de tres modalidades de pago diferentes:

1. **Con tarxeta de crédito/débito:**
A través do Portal do Celtista.
2. **Domiciliación bancaria:**
O recibo cargarase entre o 1 e o 5 de xullo.
3. **Pago a prazos con domiciliación:**
O pagamento realizarase en catro cotas (xullo, setembro, outubro e novembro), cargadas nos 5 primeiros días de cada mes. Non ten intereses, pero inclúe un 5% de gastos de xestión. En agosto só se cobrará o suplemento da EUL no caso de telo contratado. Para poder acceder ao estadio o abono ten que estar ao corrente de pago.

Se xa tiñas activada a domiciliación ou o pago a prazos e non queres facer cambios, non tes que realizar ningunha xestión: o cobro efectuarase automaticamente nos prazos indicados.

Se, pola contra, queres pasar de pago a prazos a un único pago, deberás solicitalo enviando un correo a abonados@celta.gal.



EUROPA LEAGUE

Volven as noites europeas a Abanca Balaídos e, esta tempada, queremos que a xestión do suplemento de Europa League sexa máis cómoda e sinxela.

Se tes o teu abono domiciliado e non desexas realizar ningún cambio, renovarase automaticamente coas mesmas condicións da tempada pasada. **Se o suplemento de Europa League non está domiciliado, deberás abonalo con tarxeta** no Portal do Celtista entre o **3 e o 10 de agosto**.

Só será necesario acceder ao Portal do Celtista se desexas:

- **Realizar o pagamento con tarxeta.**
- **Activar o suplemento de Europa League se non o tiñas anteriormente.**
- **Eliminar o suplemento se non desexas mantelo esta tempada.**

Durante o proceso de renovación, o Portal do Celtista indicaráche a túa situación actual e permitirache confirmar se desexas manter ou modificar as condicións do teu suplemento.

O suplemento inclúe un mínimo de 4 partidos —correspondentes á fase de grupos— e todas as posibles eliminatorias que se disputen en Abanca Balaídos, cun custo equivalente ao 20% da cota base do teu abono, segundo categoría e zona, sen aplicación de descontos.





EUROPA LEAGUE

PREZOS DO SUPLEMENTO

TEMPADA 2026/2027	ADULTO (TRANSFERIBLE)	MAIORES 65 (35% DTO.)*	SUB 30 (40% DTO.)*	SUB 25 (55% DTO.)*	SUB 15 (70% DTO.)*	INFANTIL
TRIBUNA ALTA CENTRAL	155 €	100 €	93 €	70 €	46 €	11 €
TRIBUNA ALTA ÁREA	147 €	96 €	88 €	66 €	44 €	11 €
TRIBUNA BAIXA CENTRAL	117 €	76 €	70 €	53 €	35 €	11 €
TRIBUNA BAIXA ÁREA	112 €	73 €	68 €	51 €	34 €	11 €
RÍO BAIXO CENTRAL	112 €	73 €	68 €	51 €	34 €	11 €
RÍO BAIXO ÁREA	109 €	71 €	65 €	49 €	33 €	11 €
RÍO ALTO CENTRAL	101 €	66 €	61 €	45 €	30 €	11 €
RÍO ALTO ÁREA	98 €	63 €	59 €	44 €	29 €	11 €
MARCADOR ALTO	73 €	48 €	44 €	33 €	22 €	11 €
MARCADOR BAIXO		53 €			30 €	
GOL BAIXO	71 €	46 €	43 €	32 €	21 €	11 €

*O desconto de cada categoría é sobre o prezo do adulto, xa aplicado nos prezos.

O **pago do suplemento** é voluntario, pero debe formalizarse entre o **3 e o 10 de agosto**. Unha vez pechado, non será posible adquirilo nin acceder aos partidos europeos co carné habitual.

Se tes o suplemento por conta bancaria (domiciliado ou a prazos) non tes que facer nada, cobrarase automaticamente nas mesmas datas.

Importante: pola participación en competicións europeas e as esixencias da UEFA, algunhas zonas do estadio poderán verse afectadas, o que pode implicar reubicacións puntuais ou durante toda a Europa League. O club contactará coas persoas abonadas afectadas no seu momento.



CALENDARIO DA CAMPAÑA

XUÑO							XULLO						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7	29	30	1	2	3	4	5
8	9	10	11	12	13	14	6	7	8	9	10	11	12
15	16	17	18	19	20	21	13	14	15	16	17	18	19
22	23	24	25	26	27	28	20	21	22	23	24	25	26
29	30	1	2	3	4	5	27	28	29	30	31	1	2

AGOSTO

L	M	M	X	V	S	D
27	28	29	30	31	1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

RENOVACIÓN E CONFIRMACIÓN DO SUPLEMENTO DE EUROPA

Do 11 ao 19 de xuño

As renovacións realizaranse a través do Portal do Celtista, onde poderás elixir a modalidade de pago que prefiras e solicitar, se o desexas, o cambio de asento ou de bancada, tanto de forma individual como en grupo.

Lembra que se non podes renovar o teu carné como abonado, terás a opción de manter a túa vinculación co club solicitando o carné celtista en calquera das súas tres modalidades: Celtista, As Celtas ou Fundación. Conservarás todas as vantaxes agás a túa butaca en Abanca Balaídos.

Se precisas modificar os teus datos, actualizar o teu enderezo ou revisar calquera outra información do teu perfil, este é o momento para facelo. É imprescindible comprobar que todos os datos estean correctos no apartado de información persoal. Se vas a renovar en familia, lembra agrupar a todos os membros para completar o proceso de forma conxunta.

CAMBIO DE ASENTOS/BANCADA

O 23, 25 e 26 de xuño

Os cambios de asento, para os que o solicitaran, poderanse realizar online ou por vía telefónica, pero non son obrigatorios: podes solicitalos na renovación e finalmente non cambiarte. A prioridade dependerá da antigüidade individual ou da media do grupo, segundo como se fixera a solicitude. Lembra que se es reubicado de Gol temporal, non poderás facer cambios de asento.

En ningún caso perderás a túa butaca actual ata que o cambio sexa confirmado, momento no que xa non será posible recuperala. Se pasas a unha grada de menor importe, a devolución da parte proporcional farase durante o mes de setembro.



CALENDARIO DA CAMPAÑA

COBRO DOS RECIBOS

Do 1 ao 5 de xullo

Durante estas datas comezarán a cobrarse os recibos dos carnés domiciliados. Se tes o pagamento nun só prazo, cargarase o importe completo neste período. No caso dos pagos aprazados, realizarase o cobro da primeira cota.

As tres cotas restantes cargaranse nos primeiros cinco días de cada mes (setembro, outubro e novembro).

No caso do pago aprazado, no mes de agosto non se cobrará a cota do abono, só o suplemento no caso de telo.

NOVAS ALTAS

Do 1 ao 3 de xullo

Nesta primeira parte da campaña, tan só se habilitarán unhas poucas localidades daquelas baixas que se produzan nesta campaña de renovación.

Ao longo da tempada, unha vez reubicados os socios da bancada de Gol, comezaremos un novo proceso de altas.

PAGO DO SUPLEMENTO

Do 3 ao 10 de agosto

O suplemento de Europa League renovarase automaticamente coas mesmas condicións da pasada tempada. Se o pagabas con tarxeta, deberás entrar ao Portal do Celtista nestas datas para facer o pago. Se tes o pago domiciliado, cargarase na conta bancaria nas mesmas datas.

Só será necesario acceder ao Portal do Celtista nas datas da renovación para realizar cambios: activar o suplemento se non o tiñas ou eliminar o suplemento se xa non o queres, modificar a forma de pago ou solicitar cambio de asento. O suplemento inclúe os partidos da fase de grupos e as posibles eliminatorias en Abanca Balaídos.

Por esixencias ou necesidades da competición, algúns abonados poderán ser cambiados de localización noutras zonas do estadio. O club contactará cos abonados chegado o momento.





INFORMACIÓN DA BANCADA DE GOL

Os abonados da bancada de Gol serán reubicados ao longo da tempada, en función do avance das obras.

Será un paso moi especial dentro da transformación de Abanca Balaídos e do futuro que estamos construíndo entre todos.

A nova bancada de Gol contará con diferentes zonas pensadas para distintos perfís de afección, incluíndo un espazo especialmente orientado a familias, libre de fumes e adaptado, buscando unha experiencia máis cómoda, accesible e pensada para todos os celtistas.

No momento da renovación asignarase provisionalmente a tarifa correspondente á zona Gol Baixo. Cando chegue o momento da túa reubicación definitiva, o club contactará contigo para informarche de todas as opcións dispoñibles e acompañarte durante todo o proceso.

Unha vez reubicados os abonados da bancada de Gol, o club habilitará un novo prazo de cambios de asento cara esta bancada e un novo período de altas. Todo condicionado ao avance das obras do estadio.



DÚBIDAS FRECUENTES

Aínda tes dúbidas?
Axudámosche a
resolvelas!



1. Cal é o meu ID e o PIN? Onde debo renovar?
2. Como podo renovar os abonos do meu núcleo familiar?
3. Teño un abono Miudiño, debo realizar algunha xestión?
4. Que pasa se o meu Miudiño cambia de categoría a Menor de 8?
5. Se teño algún desconto, como teño que solicitalo?
6. Como e cando podo solicitar o cambio de asento?
7. Cando recibirei o meu carné da tempada 26/27?
8. Podo ser reubicado en competición europea?
9. Cesión de abono
10. Como podo cambiar o asento con outro abonado? (Permuta)
11. Cambio de titularidade
12. Lista de espera

DÚBIDAS FRECUENTES

1. Cal é o meu ID e o PIN? Onde debo renovar?

O teu ID de celtista o atoparás no dorso do teu carné da tempada 25/26.

O teu PIN son as 4 últimas cifras do teu DNI. No caso de non ter DNI rexistrado (por exemplo, menores de idade), o PIN será 1111 e deberás acceder coa data de nacemento.



A través do Portal do Celtista poderás realizar en liña todos os trámites relacionados co teu día a día como socio do Celta.

Nesta plataforma poderás renovar o teu abono, actualizar os teus datos persoais, solicitar o cambio de asento ou bancada, comprar entradas para partidos fóra de casa, ceder o teu asento e acceder a máis funcionalidades útiles.

Ademais, o club tamén che ofrece a posibilidade de facer a túa renovación de forma presencial nas billeteiras de Abanca Balaídos, **exclusivamente** para aquelas persoas que o precisen.

celtistas.celta.gal

2. Cómo podo renovar os abonos do meu núcleo familiar?

Igual que na pasada tempada, a través do **Portal do Celtista** poderás renovar o carné doutros abonados nunha mesma operación, facendo o proceso máis cómodo e sinxelo.

Só tes que acceder ao teu Portal do Celtista, premer en “Engadir celtista” e completar os datos solicitados do outro abonado (ID, PIN e DNI ou data de nacemento). Despois, volve a facer clic en “Engadir celtista” para confirmar. Poderás engadir ata un máximo de 6 membros en total.

Se non podes engadir outro celtista, é posible que esa persoa xa forme parte doutro grupo de renovación. Se tes algunha incidencia, podes contactar con abonados@celta.gal.



DÚBIDAS FRECUENTES

3. Teño un abono Miudiño, debo realizar algunha xestión?

Os Miudiños **nacidos a partir de 01/08/2021 manteñen o seu carné gratuito** e a **renovación** farase de forma **automática** unha vez renove o adulto asociado. O carné chegará ao domicilio, polo que non será necesario realizar ningunha xestión.

4. Que pasa se o meu Miudiño cambia de categoría a Menor de 8?

Se tes un Miudiño que cumpre **5 anos nesta tempada** (nacidos antes do 31/07/2021), **pasa a categoría menor de 8**. A **asignación de butacas** en Abanca Balaídos será por **estricta orde de antigüidade**.

Polo que, todos aqueles miudiños interesados en adquirir unha butaca, terán que **inscribirse na lista de espera**.

No caso de que non queira ser celtista abonado, poderá pasar a carné celtista, mantendo a súa antigüidade. Debe solicitalo por correo electrónico en abonados@celta.gal entre o 11 e o 19 de xuño.

5. Se teño algún desconto, como teño que solicitalo?

Nesta campaña poderás seguir gozando dos descontos de accionista, familiar ou diversidade funcional (cunha discapacidade mínima do 65%), sempre que continúes cumprindo os requisitos establecidos.

Os **descontos de accionista e familiar só se aplicarán a quen xa os tivese en tempadas anteriores**. No caso do desconto familiar, será necesario renovar na mesma operación toda a unidade familiar.

A **unidade familiar** deberá estar formada por:

- Un mínimo de tres persoas, con **pai e/ou nai en categoría adulto e fillos en categorías Sub 15 ou Sub 25, ata os 17 anos cumpridos**.

Lembramos que a categoría **Menor de 8 queda excluída de calquera desconto** e que estes non son acumulables.



DÚBIDAS FRECUENTES

6. Como e cando podo solicitar o cambio de asento?

Durante o proceso de renovación do teu abono (do 11 ao 19 de xuño) poderás solicitar un cambio de asento ou de bancada. Os cambios tramitaranse o 23, 25 e 26 de xuño.

A solicitude poderá xestionarse de forma individual ou agrupada, segundo como realices a renovación:

- Se renovas de forma **individual**, o cambio de asento tramitarase individualmente.
- Se realizas a renovación **en grupo**, xa sexa cun núcleo familiar ou grupo de amizades, a solicitude de cambio considerase de forma conxunta para os membros que indiques.

Ata que non selecciones unha nova butaca e confirmes o cambio, **non perderás a túa localidade actual.**

Para establecer a **prioridade** nas solicitudes, terase en conta a **antigüidade individual ou a media de antigüidade do grupo**, segundo corresponda. Lembramos que os abonados de Gol reubicados temporalmente non poderán solicitar cambios.

7. Cando recibirei o meu carné da tempada 26/27?

Nas **semanas posteriores á renovación** recibirás no teu domicilio o carné da tempada. Podes **confirmar ou actualizar a túa dirección** no Portal do Celtista.

No caso de **domiciliación bancaria ou pago a prazos**, o envío **será unha vez cobrado o recibo**. Se solicitaches un **cambio de asento**, o carné enviarase **unha vez finalizado o proceso**.

8. Podo ser reubicado en competición europea?

Con motivo da participación do Celta en competicións europeas e para cumprir coa normativa da UEFA, **determinadas zonas de Abanca Balaídos poderán verse afectadas**, polo que algúns abonados poderán ser **reubicados temporalmente durante estes encontros**.

No caso dos **socios que xa foron reubicados** anteriormente e **teñan que volver a reubicarse** nesta tempada, asignaráselles a **mesma localidade sempre que estea dispoñible**.



DÚBIDAS FRECUENTES

9. Cesión de abono

Todas as persoas que utilizaron o servizo de cesión de abono durante a tempada 25/26 acumularon un saldo que se descontará automaticamente na renovación do abono 26/27.

Cando un abono é cedido e a entrada se vende a un terceiro, os ingresos repártense entre o club e o abonado. O abonado recibirá o **40% do importe final da entrada vendida**. Se a entrada se vende con desconto (como desconto de celtista, códigos promocionais, etc.), a porcentaxe aplicarase sobre ese prezo promocionado, sen incluír os gastos de xestión.

O saldo acumulado descontarase do prezo do abono da seguinte tempada, **non poderá reembolsarse en metálico en ningún caso e se perderá se non se realiza a renovación**. Lembramos ademais que:

1. O aforro acumulado non poderá superar o 50% do prezo base do abono na tempada na que se cedeu (sen incluír os descontos).
2. Tampouco poderá superar o 50% do prezo final do abono da seguinte tempada, mesmo se hai cambio de bancada ou categoría. Este 50% é só sobre a cota base do abono, sen incluír o suplemento.

10. Como podo cambiar o asento con outro abonado? (Permuta)

O Celta permite que **dúas persoas abonadas intercambien as súas localidades** mantendo o seu número de abonado, antigüidade e dereitos adquiridos. **Ambos carnés deben estar ao corrente de pago**.

Para tramitar a permuta, **ambos abonados deberán acudir ás oficinas da Área Celtista** coa seguinte documentación:

1. Acordo entre ambas partes (documento a cubrir nas oficinas).
2. Fotocopia dos DNI e dos carnés dos dous titulares.

Unha vez realizada a permuta, non se poderá solicitar unha nova permuta, cambio de titularidade ou cambio de localización ata a tempada seguinte.



DÚBIDAS FRECUENTES

11. Cambio de titularidade

O abono pode ser cambiado de titular, é dicir, pasar a nome doutra persoa mantendo a mesma localidade no estadio. O cambio de titular **implica a perda de todos os dereitos adquiridos polo titular anterior** (número de socio, antigüidade, etc.), conservando únicamente a localidade.

Esta cesión **só poderá facerse a un familiar demostrable** e debe cumprir coas seguintes condicións:

1. Só se poderá realizar un cambio de titular por tempada.
2. O carné deberá estar ao corrente de pago e o cambio aplicarase exclusivamente á butaca correspondente.

Será necesario presentarse ambos abonados nas oficinas da **Área Celtista** para asinar o documento de cambio de titularidade, presentar o documento de identidade e o abono vixente. En caso de falecemento, tamén deberá achegarse o certificado de defunción.

O cambio de titularidade poderá tramitarse do **2 de setembro ao 30 de abril**, sempre despois de que o titular actual renove o seu carné.

12. Lista de espera para ser abonado

A lista de espera é o sistema que permite organizar o acceso a novos abonos en Abanca Balaídos, xa que as altas dependen da dispoñibilidade existente en cada momento e das particularidades de cada tempada.

Esta lista é exclusiva para persoas con **Carné Celtista** en vigor, en calquera das súas modalidades (Celtista, As Celtas e Fundación).

A inscrición **pode realizarse de forma individual ou en grupo** (ata un máximo de 4 persoas), para facilitar que familias, amizades ou grupos poidan acceder xuntos ao estadio.

A **orde de acceso** non depende do momento no que te inscribas, senón da **antigüidade do teu Carné Celtista** ou da

CONTINÚA NA SEGUINTE PÁXINA

DÚBIDAS FRECUENTES

media de antigüidade do grupo, tomando como referencia a data de alta de cada membro.

Os menores de 14 anos non poderán darse de alta como abonados sen estar asociados a un abonado adulto responsable no estadio.

Para inscribirte, debes acceder ao Portal do Celtista. Se tes dúbidas sobre como acceder, podes consultar a páxina 15 desta guía.

Dentro do portal, debes ir ao apartado “Lista de espera”:

1. Se queres facer a inscrición individual, só tes que premer en “Inscribirse”.
2. Se queres facer a inscrición en grupo, primeiro deberás crear a agrupación na pestana “Datos do teu carné”, premendo en “Engadir celtista” e completando os datos de cada carné. Se non che permite engadilo, é posible que esa persoa xa forme parte doutro grupo.

Unha vez creado o grupo, deberás volver á pestana “Lista de espera”, marcar o recadro de cada membro que queiras inscribir e premer en “Inscribirse”. Unha vez realizada a inscrición, esta será definitiva e non se poderán facer cambios nin anulala.


Neste paso non se poderá escoller grada nin localidade. A inscrición serve para optar a un futuro abono en Abanca Balaídos e, cando chegue a túa quenda segundo a antigüidade, revisarase a dispoñibilidade existente nese momento. Se as opcións dispoñibles non che interesan, poderás continuar a espera.

No caso de tratarse dun abono de empresa, as condicións poden variar. Debes contactar previamente con abonados@celta.gal para recibir toda a información.





TODO O QUE NECESITAS SABER DO CARNÉ **CELTISTA**



Renovación

Alta Carné Celtista

Dúbidas frecuentes

1. Cal é o meu ID e o Pin?
2. Podo cambiar de tipo de carné celtista?
3. Que pasa se non gastei o bono regalo desta tempada?
4. Que é o Bono Regalo e como podo utilizalo?
5. Cando recibirei o meu carné celtista da tempada 26/27?
6. Como podo solicitar un abono para Abanca Balaídos?
7. Como podo aplicar o desconto por carné celtista na compra de entradas ou na tenda?
8. Como podo solicitar entradas visitante?
9. Se non quero/podo renovar o meu abono a próxima tempada, perderei a miña antigüidade como abonado do Celta?



CARNÉ CELTISTA



RENOVACIÓN

Nesta terceira tempada do Carné Celtista, a túa renovación volverá realizarse de forma automática a través da domiciliación bancaria, seguindo o mesmo calendario de renovación, sempre que non comuniques ao club o contrario antes do 19 de xuño.

Ademais, manterás os 10€ de desconto, que poderás empregar na tenda do Celta ou na compra de entradas en liña*** para Abanca Balaídos.

- ✓  Acceso á lista de espera para conseguir un abono
- ✓  Número de socio e antigüidade
- ✓  Bono Regalo de 10€ en entradas ou produtos oficiais (en liña)*
- ✓  Desconto do 10% en tendas oficiais do Celta**
- ✓  Desconto en Museo, Experiencias e Tour Abanca Balaídos
- ✓  Descontos en Escolas Celta 360, Campus e Clínicas
- ✓  Acceso ao proceso de compra de entradas para partidos de visitante***
- ✓  Prioridade e/ou desconto na compra de entradas***
- ✓  Acceso aos partidos do Celta Fortuna****
- ✓  Acceso aos partidos de As Celtas****
- ✓  Acceso aos partidos do Celta Femxa Zorka****
- ✓  Vantaxes de patrocinadores e/ou colaboradores do club
- ✗  Butaca asignada para os partidos do primeiro equipo en Abanca Balaídos

*Non é acumulable dunha tempada a outra. O uso deste bono é exclusivo para a tempada vixente, en caso de non utilización do mesmo o importe do bono perderase. Non acumulable a outras promocións.

**Agás para produtos en promoción e non acumulable con outros descontos.

***LaLiga, Copa del Rey e Europa League. Unha soa entrada por cada carné celtista.

****Ata completar capacidade destinada a Carné Celtista. O club poderá activar un método de canxexo de entradas por necesidades operativas.



CARNÉ CELTISTA



ALTAS

Se aínda non formas parte activa do Celta, esta é a túa oportunidade para unirte. O Carné Celtista é a porta de entrada á nosa familia, á historia e ao futuro do club.

Podes darte de alta en calquera momento da tempada a través do Portal do Celtista (sempre que o club non comunique o contrario), escollendo entre tres modalidades pensadas para diferentes tipos de afección.

CARNÉ CELTISTA

32 €

Con este carné tes todas as vantaxes do Carné Celtista Abonado, a excepción da butaca en Abanca Balaídos, e pasarás a formar parte da familia celtista estas onde estas.

CARNÉ CELTISTA AS CELTAS

53 €

Co Carné Celtista As Celtas, non só gozas de todas as vantaxes do Carné Celtista, senón que tamén te convertes en parte activa deste proxecto, apoiando directamente o crecemento de As Celtas.

Inclúe un agasallo de As Celtas.

CARNÉ CELTISTA FUNDACIÓN

90 €

Con este carné gozas dos beneficios exclusivos do Carné Celtista e ademais apoias á Fundación Celta de Vigo no desenvolvemento do deporte e a acción social.

A maiores, as túas achegas contan con importantes vantaxes fiscais, permitindo deducións de ata o 80% no IRPF e IS.

Todas elas suman antigüidade e permitirache anotarte na lista de espera para conseguir un abono en Abanca Balaídos, ademais de ofrecer vantaxes exclusivas.



CARNÉ CELTISTA



DÚBIDAS FRECUENTES

1. Cal é o meu ID e o PIN?

O teu ID de celtista o atoparás no dorso do teu carné da tempada 25/26.

O teu PIN son as 4 últimas cifras do teu DNI. No caso de non ter DNI rexistrado (por exemplo, menores de idade), o PIN será 1111 e deberás acceder coa data de nacemento.



2. Podo cambiarme de tipo de Carné Celtista?

Se queres cambiar de modalidade de Carné Celtista, tes que **poñerte en contacto co club** no email de celtistas@celta.gal nas datas da campaña de renovación, **do 11 ao 19 de xuño**.

Unha vez **comezada a tempada**, non se poderán facer **cambios** na tipoloxía do carné.

3. Que pasa se non gastei o bono regalo desta tempada?

Se non utilizaches o Bono Regalo da tempada 25/26 no prazo establecido, **xa non será válido e non poderás empregalo nin recuperalo**. Só estará dispoñible o novo Bono Regalo correspondente á tempada actual.

4. Que é o Bono Regalo e como podo utilizalo?

O Bono Regalo é un desconto que se lle entregará a todas as persoas que tramiten o seu Carné Celtista e que **só pode utilizarse en compras en liña: tanto na compra de entradas para partidos do primeiro equipo en Abanca Balaídos como en tenda.celta.gal para produtos oficiais**.

Para utilizalo, deberás **descargalo no Portal do Celtista** e introducilo no apartado “Tes algún código de desconto?” no momento do pago, tanto na tenda como na compra de entradas.

CONTINÚA NA SEGUINTE PÁXINA



CARNÉ CELTISTA



DÚBIDAS FRECUENTES

É válido do 1 de agosto de 2026 ao 31 de maio de 2027 e só pode empregarse nunha única operación, sen posibilidade de fraccionamento, acumulación con outros bonos nin reembolso en metálico. O uso deste Bono é exclusivo para a tempada futbolística vixente e, no caso de non utilizalo, perderase.

Na compra de entradas podes utilizalo para partidos de LaLiga, Copa del Rey e Europa League (salvo comunicación contraria do club) que o primeiro equipo dispute como local en Abanca Balaídos durante a tempada.

5. Cando recibirei o meu carné celtista da tempada 26/27?

Nas **semanas posteriores ao cobro do recibo** (que será entre o 1 e o 5 de xullo), recibirás no teu domicilio o teu Carné Celtista da tempada, **sempre que marcases a opción de carné físico no momento da alta**. Podes confirmar ou actualizar a túa dirección no Portal do Celtista.

Se non escolliches o carné físico, o carné dixital activarase a partir do 5 de agosto.

6. Como podo solicitar un abono para Abanca Balaídos?

Para solicitar un abono, primeiro debes ter un **Carné Celtista en vigor e inscribirte na lista de espera** a través do Portal do Celtista.

A inscrición pode facerse de forma individual ou en grupo (ata 4 persoas) e a orde de acceso dependerá da **antigüidade do teu Carné Celtista ou da media de antigüidade do grupo**, non do momento no que te apuntes. Cando exista dispoñibilidade e chegue a túa quenda, o club contactará contigo para ofrecerche as localidades dispoñibles e formalizar a alta.

Podes consultar toda a **información sobre a lista de espera** na **páxina 19-20**.

CARNÉ CELTISTA



DÚBIDAS FRECUENTES

7. Como podo aplicar o desconto por carné celtista na compra de entradas ou na tenda?

Para aplicar o **desconto de celtista na compra de entradas en liña**, accede directamente á web de entradas, selecciona o partido desexado e inicia sesión co teu ID e PIN antes de realizar a compra.

Poderás facelo desde o apartado **“Acceso socios”**, situado na parte superior dereita da pantalla en ordenador ou na icona de usuario situada na parte superior dereita en móbil, ao lado do carriño da compra. Cada Carné Celtista poderá adquirir unha única entrada.

Se dispós de máis carnés e queres mercar varias entradas, deberás seleccionar a opción “Engadir máis usuarios” e introducir o ID e o PIN de cada un dos carnés correspondentes. Se tes calquera incidencia, podes contactar con nós a través de celtistas@celta.gal

Para acceder aos **descontos na tenda oficial online**, debes entrar en **“Conectarme”** na nosa páxina web e rexistrarte coa conta de correo electrónico asociada ao teu carné, engadindo tamén o ID do teu carné celtista. Se aínda non tes conta na tenda, poderás creala nese mesmo momento.

Unha vez iniciada a sesión coa túa conta da tenda, os descontos aplicaranse sobre os produtos correspondentes automaticamente. Se tes calqueira incidencia na tenda en liña, podes contactar con ecommerce@celta.gal

8. Como podo solicitar entradas visitante?

Para poder optar á compra de entradas de visitante é necesario dispoñer do **Carné Celtista en calquera das súas modalidades** (Celtista, As Celtas, Fundación ou Abonado). As entradas serán sempre nominativas e asignadas unicamente ao socio.

CONTINÚA NA SEGUINTE PÁXINA



CARNÉ CELTISTA



DÚBIDAS FRECUENTES

A solicitude realízase a través do **Portal do Celtista**, no apartado **“Entradas Visitante”**, podendo facerse de forma individual ou en grupo (segundo as condicións de cada convocatoria). No caso de solicitude en grupo, deberás introducir o ID e PIN de cada membro e realizar un pagamento conxunto da pre-reserva por cada participante.


Este importe de pre-reserva é necesario para participar no proceso de asignación, pero **non garante a obtención da entrada**. A asignación realízase por un 75% de antigüidade e o 25% mediante sorteo entre os solicitantes restantes.

Unha vez finalizado o proceso de selección, comunicarase por correo electrónico o resultado a todos os solicitantes. No caso de ser seleccionado, deberás completar o pago restante da entrada no prazo indicado (habitualmente 48 horas) a través do propio Portal do Celtista.

Se non resultas seleccionado, o importe da pre-reserva será devolto automaticamente no mesmo método de pago. As entradas serán nominativas e non se permitirán cambios nin devolucións.

9. Se non quero/podo renovar o meu abono a próxima tempada, perderei a miña antigüidade como abonado do Celta?

Se cambias a Carné Celtista, a antigüidade que tes como abonado do Celta manterase aínda que non teñas butaca no estadio.



ATENCIÓN AO CELTISTA

Oficina Área Celtista de Abanca Balaídos
De luns a venres de 10h a 14h e 16h a 19h

Teléfono:

986 213 230

986 213 234

Email:

abonados@celta.gal

celtistas@celta.gal



//ABANCA

